VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

# proxecto de orzamentos 2005

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# MEMORIA

## Obxectivos propostos para o ano 2005

Sinteticamente, as prioridades que o actual equipo de goberno establece para o ano 2005, e que, en consecuencia, deberán ter o correspondente soporte orzamentario, son as seguintes:

- Continuar desenvolvendo os mecanismos para facer efectivos os compromisos de estabilización do profesorado contidos nos vixentes estatutos da UDC por medio da adaptación das antigas figuras da LRU ás novas da LOU.
- Principiar un plano de formación de novo persoal docente e investigador a través da creación de prazas de profesor axudante.
- Dar sustento orzamentario aos procesos de promoción que actualmente se están a desenvolver por parte do persoal de administración e servizos.
- Incrementar o esforzo destinado á formación dentro dun proceso gradual, xa comezado en 2004, de adaptación ao Espazo Europeo de Ensinanza superior.
- Incrementar as bolsas a estudantes nunha contía non inferior ao IPC.
- Continuar coa modernización das estruturas tecnolóxicas e de xestión a través do investimento en ferramentas informáticas que permitan a explotación dos datos para acadar procesos e decisións con maior grao de seguridade e rigor.
- Buscar a estabilidade económica e orzamentaria a través dun plano plurianual de actuación que permita avanzar cara á recuperación dun nivel razoable de liquidez e solvencia financeira.

## Marco Financeiro Plurianual

A consecución dun acordo para o financiamento das Universidades Galegas no período 2005-2010 permite realizar un plano de financiamento a medio prazo para a UDC.
O que deseguido se formula non é unha planificación plurianual, senón o marco financeiro en que vai operar a Institución nos vindeiros anos. Actualmente, a UDC está desenvolver un proceso encamiñado á confección do seu plano estratéxico para o período 2005-2010. É neste documento onde deberán figurar as actuacións concretas en cada un dos diferentes capítulos de gasto. Agora, cómpre simplemente realizar a delimitación financeira a que se terán que acoller os cursos de actuación, políticas, etc. que xurdan do plano estratéxico.

Como se pode comprobar nos escenarios orzamentarios definidos para o período 2005-2007, estase a cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria xa que non se prevé a existencia de déficit, definido como ingreso non financeiro menos gasto non financeiro, nin débeda para financiar gasto.

Se se asume unha taxa constante de inflación para o todo o trienio no contorno do 3,5%, a Táboa 1 expón as previsión de ingreso nos vindeiros tres anos.

**Táboa 1**

| | 2005 | 2006 | 2007 |
|---|---|---|---|
| **Capítulo III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS** | | | |
| DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS | | | |
| EVOLUCIÓN DO ALUMNADO | | -6,00% | -6,00% |
| INCREMENTO PREZOS PÚBLICOS | | 4,00% | 4,00% |
| DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS | 13.698.000,00 | 13.391.165,00 | 13.091.203,00 |
| | | 6,00% | 8,00% |
| OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS | 939.354,63 | 995.716,00 | 1.075.373,00 |
| VENTA DE BENS | 3.000,00 | 3.105,00 | 3.214,00 |
| REINTEGROS | 108.000,00 | 109.080,00 | 110.171,00 |
| INGRESOS DIVERSOS | 13.000,00 | 13.455,00 | 13.926,00 |
| **CAPÍTULO 3: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS** | **14.761.354,63** | **14.512.521,00** | **14.293.887,00** |
| **Capítulo IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES** | | | |
| INCREMENTOS FONDO INCONDICIONADO | | 6,00% | 6,00% |
| FONDO INCONDICIONADO | 59.926.970,00 | 63.522.588,00 | 67.333.943,00 |
| INCREMENTOS TRANSFERENCIA INEF | | 3,00% | 3,00% |
| TRANSFERENCIA INCONDICIONADA INEF | 2.833.399,00 | 2.918.400,97 | 3.005.953,00 |
| EVOLUCIÓN | | 10,00% | 13,00% |
| volume total CALIDADE CONTRATOS PROGRAMA | 2.429.000,00 | 2.671.900,00 | 3.019.247,00 |
| % participación UDC na achega por calidade | 25,00% | 27,50% | 30,00% |
| ACHEGA POR CALIDADE Á UDC | 607.250,00 | 734.772,50 | 905.774,10 |
| EVOLUCIÓN FONDO DE CALIDADE | | 10,00% | 13,00% |
| CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: TRAMOS INVESTIGAC. | 934.529,99 | 1.027.982,99 | 1.161.620,78 |
| CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: COMPL. AUTÓNOMICO | 1.320.700,00 | 1.452.770,00 | 1.641.630,10 |
| FONDO DE CALIDADE | 2.255.229,99 | 2.480.752,99 | 2.803.250,88 |
| EVOLUCIÓN TRANSFERENCIAS SERGAS | | 4,75% | 4,75% |
| PRAZAS SERGAS | 798.157,00 | 836.069,46 | 875.782,76 |
| INCREMENTO DO FONDO DE NIVELACIÓN | | 7,00% | 7,00% |
| FONDO GLOBAL NIVELACIÓN SUG | 5.000.000,00 | 5.350.000,00 | 5.724.500,00 |
| % participación UDC na achega de nivelación | 57,29% | 57,29% | 57,29% |
| ACHEGA POR NIVELACIÓN | 2.864.500,00 | 3.065.015,00 | 3.279.566,05 |
| OUTRAS ACHEGAS CORRENTES | 1.205,00 | 1.205,00 | 1.205,00 |
| ACHEGAS ENTIDADES FINANCEIRA | 475.000,00 | 475.000,00 | 475.000,00 |
| **CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **69.761.710,99** | **74.033.803,92** | **78.680.474,78** |
| **CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| INCREMENTO CAPÍTULO V INGRESOS PATRIMONIAIS | | 5,00% | 7,50% |
| **CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS** | **305.000,00** | **320.250,00** | **344.268,75** |
| **Capítulo VII: Transferencias de capital** | | | |
| FONDO DE INVESTIMENTOS | 6.106.283,00 | 6.106.283,00 | 6.106.283,00 |
| INCREMENTO DO FONDO GLOBAL | | 10,00% | 13,00% |
| DOTOACIÓN SUG APOIO INVESTIGACIÓN DIRECTA | 5.251.500,00 | 5.776.650,00 | 6.527.614,50 |
| % participación UDC NA INVESTIGACIÓN | 20,00% | 22,50% | 26,00% |
| **ACHEGA DIRECTA APOIO Á INVESTIGACIÓN** | 1.050.300,00 | 1.299.746,25 | 1.697.179,77 |
| OUTRAS TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 30.011,00 | 31.061,39 | 32.148,53 |
| **CAPÍTULO 7: TRANSRFERENCIAS DE CAPITAL** | **7.186.594,00** | **7.437.090,64** | **7.835.611,30** |
| **Capítulo VIII: Activos financeiros** | | | |
| REMANENTES TESOURARÍA | 1,00 | 1,00 | 1,00 |
| **CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS** | **1,00** | **1,00** | **1,00** |
| TOTAL INGRESOS | **92.014.660,62** | **96.303.666,55** | **101.154.242,84** |

As previsións de gasto e as hipóteses de comportamento do mesmo aparecen consignadas na Táboa 2

## Táboa 2

| | 2005 | 2006 | 2007 |
|---|---|---|---|
| **GASTOS** | | | |
| **CAPÍTULO 1 PERSOAL** | | | |
| GASTOS PERSOAL CAP 1 | | | |
| SERGAS PRAZAS VINCULADAS | 798.157,00 | 836.069,46 | 875.782,76 |
| SEXENIOS INVESTIGACIÓN-COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS | 2.255.229,99 | 2.480.752,99 | 2.803.250,88 |
| RESTO GASTO DE PERSOAL | 62.176.532,63 | 65.129.917,93 | 68.223.589,03 |
| CRECEMENTO RESTO PERSOAL | | 4,75% | 4,75% |
| CRECEMENTO GLOBAL DO CAPÍTULO 1 | | 4,93% | 5,05% |
| **CAPÍTULO 1 PERSOAL** | **65.229.919,62** | **68.446.740,38** | **71.902.622,67** |
| **CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE** | | | |
| CRECEMENTO CAPÍTULO II GASTO CORRENTE B+S | | 4,50% | 4,50% |
| **CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE** | **13.854.360,00** | **14.477.806,20** | **15.129.307,48** |
| **CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO** | | | |
| TIPO XURO | | 2,30% | 2,30% |
| VOLUME OPERACIÓN DE TESOURARÍA | 6.000.000,00 | 6.000.000,00 | 6.000.000,00 |
| **CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO** | **126.500,00** | **126.500,00** | **126.500,00** |
| **CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES** | | | |
| BASE GASTO TRANSFERENCIAS CORRENTES | | | |
| INCREMENTO CAPÍTULO IV TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 4,50% | 5,00% |
| **CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES** | **1.744.950,00** | **1.823.472,75** | **1.914.646,39** |
| **CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS** | | | |
| EVOLUCIÓN INVESTIMENTOS | | 5,00% | 5,25% |
| EVOLUCIÓN INVESTIMENTOS CARÁCTER INMATERIAL | | 3,50% | 3,50% |
| EVOLUCIÓN CRÉDITO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA | | 0,00% | 0,00% |
| EVOLUCIÓN INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA | | 10,00% | 20,00% |
| FONDOS INVESTIGACIÓN | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EDIFICIOS, MAQUINARIA, MOBILIARIO, INFORMÁTICA | 5.482.800,00 | 5.756.940,00 | 6.059.179,35 |
| FONDOS BIBLIOGRÁFICOS | 2.485.000,00 | 2.450.000,00 | 2.450.000,00 |
| GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL | 21.241,00 | 21.984,44 | 22.753,89 |
| FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA | 1.350.000,00 | 1.350.000,00 | 1.350.000,00 |
| INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA | 1.475.000,00 | 1.622.500,00 | 1.947.000,00 |
| **CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS** | **10.814.041,00** | **11.201.424,44** | **11.828.933,24** |
| **CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL** | | | |
| TRANSFERENCIAS CAPITAL BASE | | | |
| EVOLUCIÓN TRANSFERENCIAS CAPITAL | 3,50% | 3,50% | 3,50% |
| **CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL** | **194.890,00** | **201.711,15** | **223.648,86** |
| **CAPÍTULO 8: VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS** | | | |
| ACTIVOS FINANCEIROS | 50.000,00 | 26.011,64 | 28.584,20 |
| **CAPÍTULO 8: VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS** | **50.000,00** | **26.011,64** | **28.584,21** |
| **CAPÍTULO 9: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS** | | | |
| **CAPÍTULO 9: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS** | **0,00** | **0,00** | **0,00** |
| TOTAL GASTOS | **92.014.660,62** | **96.303.666,55** | **101.154.242,84** |

Finalmente, a proxección dos orzamentos e das principais magnitudes derivadas, onde se pode comprobar as afirmacións sobre a inexistencia de déficit e débeda, figuran na Táboa 3.

## Táboa 3

| INGRESOS | 2005 | % | 2006 | % | 2007 | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 14.761.354,63 | 16,04% | 14.512.521,00 | 15,07% | 14.293.887,00 | 14,13% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 69.761.710,99 | 75,82% | 74.033.803,92 | 76,88% | 78.680.474,78 | 77,78% |
| Capítulo V: Ingresos patrimoniais | 305.000,00 | 0,33% | 320.250,00 | 0,33% | 344.268,75 | 0,34% |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 7.186.594,00 | 7,81% | 7.437.090,64 | 7,72% | 7.835.611,30 | 7,75% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 1,00 | 0,00% | 1,00 | 0,00% | 1,00 | 0,00% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | | 0,00% | | 0,00% | | 0,00% |
| TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2004 | 92.014.660,62 | 100,00% | 96.303.666,55 | 100,00% | 101.154.242,84 | 100,00 % |

| GASTOS | 2005 | % | 2006 | % | 2007 | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo I: Gastos de persoal | 65.229.919,62 | 70,89% | 68.446.740,38 | 71,07% | 71.902.622,67 | 71,08% |
| Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos | 13.854.360,00 | 15,06% | 14.477.806,20 | 15,03% | 15.129.307,48 | 14,96% |
| Capítulo III: Gastos financeiros | 126.500,00 | 0,14% | 126.500,00 | 0,13% | 126.500,00 | 0,13% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 1.744.950,00 | 1,90% | 1.823.472,75 | 1,89% | 1.914.646,39 | 1,89% |
| Capítulo VI: Investimentos reais | 10.814.041,00 | 11,75% | 11.201.424,44 | 11,63% | 11.828.933,24 | 11,69% |
| Capítulo VII: Tranferencias de capital | 194.890,00 | 0,21% | 201.711,15 | 0,21% | 223.648,86 | 0,22% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo VIII: Activos financeiros** | **50.000,00** | **0,05%** | **26.011,64** | **0,03%** | **28.584,21** | **0,03%** |
| **Capítulo IX: Pasivos Financeiros** | | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** |
| **TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2004** | **92.014.660,62** | **100,00%** | **96.303.666,55** | **100,00%** | **101.154.242,84** | **100,00 %** |

| | **2005** | | **2006** | | **2007** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **euros** | **% sobre Ingreso Total** | **euros** | **% sobre Ingreso Total** | **euros** | **% sobre Ingreso Total** |
| A: INGRESOS CORRENTES (CAPS I A V) | 84.828.065,62 | 92,19% | 88.866.574,92 | 87,85% | 93.318.630,53 | 92,25% |
| B: GASTOS CORRENTES (CAPS I A IV) | 80.955.729,62 | 87,98% | 84.874.519,33 | 83,91% | 89.073.076,53 | 88,06% |
| **C: SALDO DAS OPERACIÓNS CORRENTES (A-B)** | **3.872.336,00** | **4,21%** | **3.992.055,59** | **3,95%** | **4.245.554,00** | **4,20%** |
| D: INGRESOS DE CAPITAL (CAPS VI E VII) | 7.186.594,00 | 7,81% | 7.437.090,64 | 7,35% | 7.835.611,30 | 7,75% |
| E: GASTOS DE CAPITAL (CAPS VI E VII) | 11.008.931,00 | 11,96% | 11.403.135,59 | 11,27% | 12.052.582,10 | 11,92% |
| **F: SALDO OPERACIÓNS DE CAPITAL (D-E)** | **-3.822.337,00** | **-4,15%** | **-3.966.044,95** | **-3,92%** | **-4.216.970,80** | **-4,17%** |
| **G: RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (C+F)** | **49.999,00** | **0,05%** | **26.010,64** | **0,03%** | **28.583,20** | **0,03%** |
| G: OPERACIÓNS CON ACTIVOS FINANCEIROS (I-VIII)-(G-VIII) | **-49.999,00** | **-0,05%** | **-26.010,64** | **-0,03%** | **-28.583,20** | **-0,03%** |
| **H: RESULTADO ORZAMENTARIO (C+F+G)** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** |
| I: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS (I-IX)-(G-IX) | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% |
| **L: SALDO DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO ORAMENTARIO (H+I)** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** |
| Taxa de Aforro Bruto: Saldo Corrente/ingreso Corrente | 4,56% | | 4,49% | | 4,55% | |

A continuación pásase a explicar polo miúdo as previsións realizada para confeccionar o orzamento de 2005.

## Metodoloxía para a elaboración do orzamento de 2005

En primeiro lugar, procedeuse a efectuar unha estimación realista dos ingresos non financeiros para o exercicio 2005. Basicamente, o eixe desta categoría de ingresos está situado na estimación dos ingresos por prezos públicos derivados da matrícula e no volume de transferencias correntes e de capital procedentes da Administración Autonómica.

Como no ano 2004, a racionalización do gasto esixe o coñecemento dos planos de actuación de cada vicerreitoría e un esforzo por parte de cada un dos membros do equipo reitoral por priorizar e valorar actuacións para se adaptar á restrición financeira existente.

A ferramenta básica para a elaboración das propostas de gasto e para a estimación de ingresos futuros foi a “ficha de orzamento” difundida durante o mes de setembro a todos os servizos e unidades gasto. Nesta folla, cunha serie de modificacións en relación á empregada na elaboración dos orzamentos de 2004, debía facerse constar a descrición da actuación proposta e unha valoración de gasto clasificada por capítulos en dous niveis diferentes: nivel ideal ou óptimo e nivel mínimo, entendido como a cantidade

por debaixo da que a actuación sería inviable. Igualmente, pedíase información sobre a existencia de gastos plurianuais e de posible financiamento externo asociado ás accións propostas.

Deseguido, comezouse o proceso de consolidación das propostas e a adaptación do global ao marco financeiro de referencia. Este proceso implicou unha revisión de proxectos, a priorización de obxectivos por parte dos vicerreitores e, evidentemente, o axuste orzamentario ou mesmo eliminación de actividades por non se axustaren aos límites que os ingresos fixaban.

Unha novidade salientable do orzamento 2005 é a da confección de diferentes programas de gasto. Tradicionalmente, a UDC operou con dous programas (docencia universitaria e investigación). Para o ano 2005, quérese, en liña co deseños orzamentarios doutras universidades do noso contorno, definir con carácter experimental de forma máis nidia conxuntos de gastos que, pertencendo a diferentes capítulos, artigos e conceptos (clasificación económica) e xestionados por diferentes centros (clasificación orgánica), teñen un denominador común no tocante ao sentido do gasto (clasificación funcional). Xa que logo, propóñense os seguintes programas:

| | |
|---|---|
| **100A** | EQUILIBRIO FINANCEIRO |
| **111A** | CONSELLO SOCIAL |
| **122B** | BIBLIOTECAS |
| **300C** | CENTROS |
| **422D** | ENSINANZA UNIVERSITARIA |
| **541A** | INVESTIGACIÓN |

## Liñas xerais do orzamento de ingresos e gastos de 2005

### INGRESOS

### Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Polo que respecta ao capítulo III, de prezos públicos e outros ingresos similares, o groso do mesmo vén dado polos prezos públicos por servizos académicos (92,80% sobre o total do capítulo), que teñen carácter de libre dispoñibilidade.

Os prezos por servizos académicos referidos aos estudos oficiais son determinados pola Comunidade Autónoma -dentro dos límites fixados polo *Consejo de Coordinación Universitaria*-, na súa contía individual e no seu incremento anual, non tendo as universidades capacidade algunha de decisión sobre o mesmo. O montante total por este concepto está orzado baixo a suposición de que se vai experimentar unha redución de

estudantes respecto a 2004 do 4,5% e que os prezos van subir un 4% en relación ao curso anterior.

A previsión no resto de ingresos deste capítulo - no que se integran a venda de bens e outros ingresos diversos- foi realizada co mesmo criterio de realismo con que se orzou en 2004. En consecuencia, o importe total da contía orzada neste capítulo ascende a 14,761 millóns de euros, que significa unha redución do 0,25 % en relación ao orzamento de 2004.

**Capítulo IV. Transferencias correntes**

Esta é unha das grandes novidades do orzamento de 2005 como consecuencia da aprobación do Plano de Financiamento das Universidades de Galicia (2005-2010). As achegas que se fan constar neste apartado son:

a) Fondo de Financiamento Incondicionado (59.926.970 €): ten carácter incondicionado e calcúlase a partir dos créditos desta natureza transferidos en 2004 máis a cantidade específica de 1.700.250 € detraídos como consecuencia dun convenio coa SPI para financiar infraestruturas. Á suma destas cantidades aplícaselle un incremento do 7,77%.

   Durante a vixencia do acordo este fondo medrará segundo unha taxa de variación equivalente a que experimenten os ingresos non financeiros da Comunidade Autónoma.

b) Fondo de Calidade: inclúe tres partidas diferentes: sexenios e complementos retributivos autonómicos, contratos programa e apoio á investigación. As dúas primeiras partidas figuran orzadas en capítulo IV e os fondos para apoio da investigación en capítulo VII. As cantidades orzadas para 2005 son as seguintes:

| | |
|---|---|
| TRAMOS INVESTIGACIÓN SEXENIOS | 934.529,99 |
| COMPL. AUTÓNOMICO | 1.320.700,00 |
| CONTRATOS PROGRAMA | 607.250,00 |

   A taxa evolución deste fondo de calidade será do 10% (2006), do 13% (2007-2008) e 16% (2009-2010).

c) Fondo de Nivelación: ferramenta creada para favorecer a converxencia interna dentro do SUG. Repártese, xa que logo, entre as universidades de Vigo e A Coruña. Ten carácter incondicionado e órzase para 2005 a cantidade 2.864.500 (57,29% do fondo total de 5.000.000 €).

d) Financiamento do INEF-G: a cantidade orzada é 2.833.399€ consonte ao establecido no Decreto 444/2003 do 18 de decembro.

e) Financiamento de prazas vinculadas do SERGAS: 798.157 €.

Inclúese tamén financiamento de empresas privadas e fundacións para facer referencia á achega do SCH no marco do convenio asinado en 2003 entre a UDC e esta entidade financeira.

Non se fan constar neste capitulo as "cátedras de empresa" por suporen financiamento afectado á consecución das fins que o patrocinador da cátedra e a UDC definen no convenio de creación.

En conxunto, o capítulo IV de Ingreso increméntase un 16,03% respecto ao previsto durante 2004.

**Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

Os ingresos patrimoniais veñen dados fundamentalmente por xuros e concesións administrativas. En relación ao orzamento de 2005, o capítulo retrocede un 6,73% fronte ao orzado en 2004.

**Capítulo VII Transferencias de capital**

Os ingresos por transferencias de capital están asociados á realización de investimentos, renovacións, ampliacións e melloras ou ao desenvolvemento de proxectos de investigación.

Cómpre, pola súa contía, salientar as seguintes achegas, dentro do Plano de Financiamento 2005-2010:

a) Fondo global de Investimentos: ten unha contía idéntica á percibida en 2004 por investimento novo e RAM: 6.106.283 €.
b) Apoio á investigación: órzase con 1.050.300 en 2005.

En conxunto, as cantidades orzadas neste capítulo (7,186 millóns de euros) incorporan unha redución dun 36,91% en relación ao previsto para 2004 debido en gran media a que este ano non está consignado, a diferenza do ocorrido no exercicio 2004[1], ningún financiamento procedente de fondos FEDER.

**Capítulo VIII. Variación de activos financeiros**

Nos ingresos recoñecidos en concepto de variación de activos financeiros a UDC recolle os remanentes de tesouraría. Órzase esta cantidade cunha cantidade simbólica de 1 euro, o cal supón facer desaparecer, na práctica, este concepto de ingreso por segundo ano consecutivo.

---

[1] En 2004, orzouse neste capítulo 4.647.900 euros como financiamento procedente do FEDER, en convocatoria resolta en 2003. Se no primeiro cuadrimestre houber concesión das solicitudes formuladas en 2004, este financiamento incorporaríase e xeraría o crédito correspondente no capítulo VI de gasto "Investimentos Reais".

## Capítulo IX Variacións de pasivos financeiros

Non se orzan ingresos neste capítulo.

# GASTOS

## Capítulo I. Gastos de persoal

No capítulo I de gastos de persoal recóllese o conxunto de obrigas que a universidade recoñece en concepto de retribucións, seguridade social, acción social, etc., en relación co seu persoal docente e de administración e servizos.

Este capítulo represente o 70,89 % do gasto total e experimenta un incremento dun 8,01 % en relación ao orzamento de 2004 como consecuencia, entre outros, dos seguintes feitos:

- Incremento do 2 % nas retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e o equivalente para o persoal laboral.
- Incorporación dun novo 20 % do complemento de destino nas pagas extras do persoal funcionario.
- Repercusión sobre o orzamento de 2005 dos procesos de promoción do PAS resoltos durante 2004.
- Incorporación por vez primeira dos tramos retributivos autonómicos por labor docente e investigador do PDI funcionario.
- Implantación dun plano de formación de PDI consistente en crear 24 prazas de axudante de universidade durante 2005.
- Conversión de figuras de profesorado LRU a figuras LOU.

## Capítulo II. Gastos en Bens correntes e servizos

Este capítulo recolle os gastos correntes en bens e servizos como consecuencia do funcionamento ordinario da institución. Sofre un forte incremento (9,60%) en relación á contía consignada no orzamento de 2004 debido á necesidade de afrontar encarecementos importantes en partidas necesarias para a marcha normal das actividades (limpezas, combustibles, ...). Porén, vai continuar actuándose contra o gasto superfluo ou contra o dilapidación de recursos. Durante 2004, comezáronse tímidas actuacións nesta liña (renegociación das tarifas eléctricas, estudo do consumo de enerxía por edificios, directrices sobre uso de impresos, tarificación telefónica, ...) que terán continuidade e ademais se verán completadas por planos sistemáticos de aforro durante 2005. A Táboa 4 expresa a evolución dos artigos do capítulo II entre 2004 e 2005 e o peso relativo destes no conxunto do capítulo.

**Táboa 4**

| | var 04/05 | % s/capítulo |
|---|---|---|
| alugueiros e canons | -19,56% | 1,47% |
| reparacións e mantementos | 21,66% | 8,42% |
| material subministracións e outros | 8,65% | 85,96% |
| indemnizacións por razóns do servizo | 23,16% | 4,15% |
| Total capítulo II | 9,60% | 100,00% |

### Capítulo III. Gastos financeiros

Contempla os gastos por xuros de préstamos e créditos. Estímase a partir do custo efectivo de empregar, como en exercicios anteriores, unha póliza de crédito de 6.000.000 euros durante 11 meses ao custo anual de 2,30%.

Esta póliza, destinada a cubrir desfases entre cobramentos e pagamentos, será contratada previsiblemente durante o mes de xaneiro de 2005 e será cancelada antes do 30 de decembro de 2005.

### Capítulo IV. Transferencias correntes

Nos gastos por transferencias correntes recóllese o conxunto de bolsas e axudas para persoas e institucións sen fins de lucro. O capítulo está orzado nunha contía total de 1,744 millóns de euros, o cal supón un incremento do 3,47 % en relación ao orzamento de 2005.

### Capítulo VI. Investimentos reais

O capítulo de investimentos reais, que baixa en conxunto un 35,07 % en relación ao orzado en 2004, integra as seguintes actuacións orzadas coas contías que deseguido se indica:

| | IMPORTE | % S/CAPÍTULO |
|---|---|---|
| EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS | 2.306.700,00 | 21,33% |
| MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS | 1.442.500,00 | 13,34% |
| MOBILIARIO, EQUIPAMENTO E UTENSILIOS | 1.391.800,00 | 12,87% |
| EQUIPAMENTO PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN | 341.800,00 | 3,16% |
| INVESTIMENTOS EN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS | 2.485.000,00 | 22,98% |
| GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL | 21.241,00 | 0,20% |
| FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA | 1.350.000,00 | 12,48% |
| INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA | 1.475.000,00 | 13,64% |
| **TOTAL CAPÍTULO** | **10.814.041,00** | **100,00%** |

A razón principal do redución que experimenta este capítulo en relación ao exercicio anterior está na inclusión no orzamento de 2004 dunha partida para a construción do CITIC (1,5 millóns) e outra para a adquisición de infraestrutura e equipamento científico (4,05 millóns). Estas actuacións estaban financiadas parcialmente (70%) con fondos FEDER.

Para conseguir unha ben acaída xestión financeira e orzamentaria, proponse a creación do "Fondo de continxencia de execución orzamentaria". Este crédito destinarase, cando proceder, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio. A aplicación da dotación incluída neste fondo será aprobada polo Consello de Goberno, a proposta do Consello de Dirección. O Consello Social será informado das aplicacións aprobadas polo Consello de Goberno. Se existir remanente de crédito ao remate do exercicio, este non poderá ser obxecto de incorporación ao exercicio seguinte. Os créditos extraordinarios, suplementos de crédito, ampliacións e incorporacións de crédito, nos termos previstos legalmente, financiaranse mediante o recurso ao "fondo de continxencia de execución orzamentaria" ou mediante baixas noutros créditos.

### Capítulo VII. Transferencias de Capital

Este capítulo experimenta unha redución do 17.29 % en relación ao orzamento de 2003 e inclúe transferencias á Fundación do Parque Científico-tecnolóxico do Río do Pozo, ao CEIDA e a Bugalicia por un importe conxunto de 194.890 euros.

### Capítulo VIII. Variacións de activos financeiros.

Consígnase neste capítulo a adquisición de accións de UNIRISCO por 50.000 euros, como consecuencia da ampliación de capital que actualmente está en marcha para converter a esta empresa, en que participan as tres universidades do SUG, nun referente do capital risco no conxunto das universidades españolas.

### Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros.

Non se orzan gastos neste capítulo.

## VALORACIÓN FINAL

A Táboa 5 sintetiza as previsións de ingresos e gastos para 2005 e asemade compáraas coas correspondentes de 2004.

### Táboa 5

| INGRESOS | 2004 | % | 2005 | % | VAR 04/05 |
|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 14.797.853,18 | 15,97% | 14.761.354,63 | 16,04% | -0,25% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 60.123.083,06 | 64,90% | 69.761.710,99 | 75,82% | 16,03% |
| Capítulo V: Ingresos patrimoniais | 327.000,00 | 0,35% | 305.000,00 | 0,33% | -6,73% |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 11.391.033,63 | 12,30% | 7.186.594,00 | 7,81% | -36,91% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 1,00 | 0,00% | 1,00 | 0,00% | 0,00% |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo IX: Pasivos financeiros** | **6.000.000,00** | **6,48%** | | **0,00%** | **-100,00%** |
| **TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2004** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **92.014.660,62** | **100,00%** | **-0,67%** |

| GASTOS | 2004 | % | 2005 | % | VAR 04/05 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Capítulo I: Gastos de persoal** | **60.391.903,00** | **65,19%** | **65.229.919,62** | **70,89%** | **8,01%** |
| **Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos** | **12.640.514,00** | **13,64%** | **13.854.360,00** | **15,06%** | **9,60%** |
| **Capítulo III: Gastos financeiros** | **124.245,00** | **0,13%** | **126.500,00** | **0,14%** | **1,81%** |
| **Capítulo IV: Transferencias correntes** | **1.686.490,00** | **1,82%** | **1.744.950,00** | **1,90%** | **3,47%** |
| **Capítulo VI: Investimentos reais** | **16.654.188,87** | **17,98%** | **10.814.041,00** | **11,75%** | **-35,07%** |
| **Capítulo VII: Tranferencias de capital** | **235.619,00** | **0,25%** | **194.890,00** | **0,21%** | **-17,29%** |
| **Capítulo VIII: Activos financeiros** | **6.011,00** | **0,01%** | **50.000,00** | **0,05%** | **731,81%** |
| **Capítulo IX: Pasivos Financeiros** | **900.000,00** | **0,97%** | | **0,00%** | **-100,00%** |
| **TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2004** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **92.014.660,62** | **100,00%** | **-0,67%** |

Finalmente, a Táboa 6 recolle con carácter previsional as principais magnitudes derivadas dos orzamentos correspondentes aos exercicios 2004 e 2005. Como se pode observar, a Institución presenta nun marco de estabilidade plurianual uns orzamentos que lle permiten avanzar no cumprimento das súas funcións esenciais con razoable optimismo sobre o futuro.

**Táboa 6**

| | 2004 | | 2005 | |
|---|---|---|---|---|
| | euros | % sobre Ingreso Total | euros | % sobre Ingreso Total |
| A: INGRESOS CORRENTES (CAPS I A V) | 75.247.936,24 | 81,23% | 84.828.065,62 | 92,19% |
| B: GASTOS CORRENTES (CAPS I A IV) | 74.843.152,00 | 80,79% | 80.955.729,62 | 87,98% |
| **C: SALDO DAS OPERACIÓNS CORRENTES (A-B)** | **404.784,24** | **0,44%** | **3.872.336,00** | **4,21%** |
| D: INGRESOS DE CAPITAL (CAPS VI E VII) | 11.391.033,63 | 12,30% | 7.186.594,00 | 7,81% |
| E: GASTOS DE CAPITAL (CAPS VI E VII) | 16.889.807,87 | 18,23% | 11.008.931,00 | 11,96% |
| **F: SALDO OPERACIÓNS DE CAPITAL (D-E)** | **-5.498.774,24** | **-5,94%** | **-3.822.337,00** | **-4,15%** |
| **G: RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (C+F)** | **-5.093.990,00** | **-5,50%** | **49.999,00** | **0,05%** |
| G: OPERACIÓNS CON ACTIVOS FINANCEIROS (I-VIII)-(G-VIII) | **-6.010,00** | **-0,01%** | **-49.999,00** | **-0,05%** |
| **H: RESULTADO ORZAMENTARIO (C+F+G)** | **-5.100.000,00** | **-5,51%** | **0,00** | **0,00%** |
| I: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS (I-IX)-(G-IX) | 5.100.000,00 | 5,51% | 0,00 | 0,00% |
| **L: SALDO DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO ORAMENTARIO (H+I)** | **0,00** | **0,00%** | **0,00** | **0,00%** |
| Taxa de Aforro Bruto: Saldo Corrente/ingreso Corrente | 0,54% | | 4,56% | |

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## CADRO DE CONTAS

### Resumo

| INGRESOS | 2004 | % | 2005 | % | VAR 04/05 |
|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 14.797.853,18 | 15,97% | 14.761.354,63 | 16,04% | -0,25% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 60.123.083,06 | 64,90% | 69.761.710,99 | 75,82% | 16,03% |
| Capítulo V: Ingresos patrimoniais | 327.000,00 | 0,35% | 305.000,00 | 0,33% | -6,73% |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 11.391.033,63 | 12,30% | 7.186.594,00 | 7,81% | -36,91% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 1,00 | 0,00% | 1,00 | 0,00% | 0,00% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | 6.000.000,00 | 6,48% | | 0,00% | -100,00% |
| **TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2004** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **92.014.660,62** | **100,00%** | **-0,67%** |
| **GASTOS** | **2004** | **%** | **2005** | **%** | **VAR 04/05** |
| Capítulo I: Gastos de persoal | 60.391.903,00 | 65,19% | 65.229.919,62 | 70,89% | 8,01% |
| Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos | 12.640.514,00 | 13,64% | 13.854.360,00 | 15,06% | 9,60% |
| Capítulo III: Gastos financeiros | 124.245,00 | 0,13% | 126.500,00 | 0,14% | 1,81% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 1.686.490,00 | 1,82% | 1.744.950,00 | 1,90% | 3,47% |
| Capítulo VI: Investimentos reais | 16.654.188,87 | 17,98% | 10.814.041,00 | 11,75% | -35,07% |
| Capítulo VII: Tranferencias de capital | 235.619,00 | 0,25% | 194.890,00 | 0,21% | -17,29% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 6.011,00 | 0,01% | 50.000,00 | 0,05% | 731,81% |
| Capítulo IX: Pasivos Financeiros | 900.000,00 | 0,97% | | 0,00% | -100,00% |
| **TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2004** | **92.638.970,87** | **100,00%** | **92.014.660,62** | **100,00%** | **-0,67%** |

# Detalle do orzamento por capítulos de ingreso

## CAPÍTULO III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO III : TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS** | | | | |
| | | **31** | | | **PREZOS PÚBLICOS** | | | **13.698.000,00** | **92,80%** |
| | | | **310** | | **DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS** | | **13.698.000,00** | | |
| | | | | 310.00 | DEREITOS DE MATRÍCULA CURSO 2005-2006 | 13.698.000,00 | | | |
| | | **32** | | | **OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS** | | | **939.354,63** | **6,36%** |
| | | | **329** | | **OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS** | | **939.354,63** | | |
| | | | | 329.01 | UTILIZACIÓN BENS UDC | 87.000,00 | | | |
| | | | | 329.02 | RETENCIÓNS DE CURSOS | 385.000,00 | | | |
| | | | | 329.03 | CUSTOS INDIRECTOS PROXECTOS INVESTIGACIÓN | 265.000,00 | | | |
| | | | | 329.05 | FACTURACIÓN SERVIZOS INVESTIGACIÓN | 202.000,00 | | | |
| | | | | 329.09 | OUTROS INGRESOS | 354,63 | | | |
| | | **33** | | | **VENTA DE BENS** | | | **3.000,00** | **0,02%** |
| | | | **330** | | **VENTA DE PUBLICACIÓNS PROPIAS** | | **3.000,00** | | |
| | | | | 330.00 | PUBLICACIÓNS DE EDITORIAL PROPIO | 3.000,00 | | | |
| | | **38** | | | **REINTEGROS** | | | **108.000,00** | **0,73%** |
| | | | **381** | | **REINTEGROS** | | **108.000,00** | | |
| | | | | 381.00 | REINTEGROS DE EXERCICIOS PECHADOS | 3.000,00 | | | |
| | | | | 381.03 | REINTEGROS POR COMPENSACIÓN TELEFÓNICA | 50.000,00 | | | |
| | | | | 381.09 | OUTROS REINTEGROS | 55.000,00 | | | |
| | | **39** | | | **OUTROS INGRESOS** | | | **13.000,00** | **0,09%** |
| | | | **399** | | **INGRESOS DIVERSOS** | | **13.000,00** | | |
| | | | | 399.00 | INGRESOS DIVERSOS | 8.000,00 | | | |
| | | | | 399.01 | INGRESOS EVENTUAIS | 3.000,00 | | | |
| | | | | 399.99 | OUTROS INGRESOS | 2.000,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO III** | **14.761.354,63** | **14.761.354,63** | **14.761.354,63** | **100,00%** |

## CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO IV : TRANSFERENCIAS CORRENTES** | | | | |
| | | **45** | | | **DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS** | | | **69.285.505,99** | **99,32%** |
| | | | **450** | | **DA PROPIA COMUNIDADE AUTÓNOMA** | | **69.285.505,99** | | |
| | | | | 450.00 | CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: FONDO INCONDICIONADO | 59.926.970,00 | | | |
| | | | | 450.01 | CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: NIVELACIÓN | 2.864.500,00 | | | |
| | | | | 450.02 | CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: TRAMOS INVESTIGAC. | 934.529,99 | | | |
| | | | | 450.03 | CONSELL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: COMPL. AUTÓNOMICO | 1.320.700,00 | | | |

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 450.04 | CONSEL. EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: CALIDADE | 607.250,00 | | | |
| | | | | 450.05 | CONSELLARÍA DE FAMILIA: TRANSFERENCIA INEF-G | 2.833.399,00 | | | |
| | | | | 450.06 | SERGAS: PRAZAS VINCULADAS | 798.157,00 | | | |
| | | **46** | | | **DE CORPORACIÓNS LOCAIS** | | | **1.205,00** | **0,00%** |
| | | | **460** | | **DE CONCELLOS** | | **1.205,00** | | |
| | | | | 460,00 | CONVENIO CONCELLO FERROL - UDC XORNADAS ORIENTACIÓN | 1.205,00 | | | |
| | | **47** | | | **DE EMPRESAS PRIVADAS** | | | **475.000,00** | **0,68%** |
| | | | **470** | | **DE EMPRESAS PRIVADAS** | | **475.000,00** | | |
| | | | | 470.01 | DE ENTIDADES FINANCEIRAS | 475.000,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO IV** | **69.761.710,99** | **69.761.710,99** | **69.761.710,99** | **100,00%** |

## CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO V : INGRESOS PATRIMONIAIS** | | | | |
| | | **52** | | | **XUROS DE DEPÓSITO** | | | **75.000,00** | **24,59%** |
| | | | **520** | | **XUROS DE CONTAS BANCARIAS** | | **75.000,00** | | |
| | | | | 520.00 | XUROS DE CONTAS BANCARIAS | 75.000,00 | | | |
| | | **55** | | | **PRODUTOS DE CONCESIÓNS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS** | | | **230.000,00** | **75,41%** |
| | | | **550** | | **PRODUTOS DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS** | | **230.000,00** | | |
| | | | | 550.00 | CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS. VARIOS | 230.000,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO V** | **305.000,00** | **305.000,00** | **305.000,00** | **100,00%** |

## CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL** | | | | |
| | | **75** | | | **DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS** | | | **7.156.583,00** | **99,58%** |
| | | | **750** | | **DA PROPIA COMUNIDADE AUTÓNOMA** | | **7.156.583,00** | | |
| | | | | 750.00 | DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN: FONDO DE INVESTIMENTOS | 6.106.283,00 | | | |
| | | | | 750.01 | CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN: APOIO Á INVESTIGACIÓN | 1.050.300,00 | | | |
| | | | | 750.09 | DOUTRAS CONSELLARÍAS | | | | |
| | | | **759** | | **DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS** | | | | |
| | | **76** | | | **DE CORPORACIÓNS LOCAIS** | | | **30.011,00** | **0,42%** |
| | | | **760** | | **DE CONCELLOS** | | **30.011,00** | | |
| | | | | 760.00 | CONCELLO DE FERROL: CONVENIO EQUIPAMENTO | 24.000,00 | | | |
| | | | | 760.00 | CONCELLO DE FERROL: PREMIOS INVESTIGACIÓN | 6.011,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO VII** | **7.186.594,00** | **7.186.594,00** | **7.186.594,00** | **100,00%** |

### CAPÍTULO VIII: ACTIVOS FINANCEIROS

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO VIII : ACTIVOS FINANCEIROS** | | | | |
| | | **87** | | | **REMANENTE DE TESOURARÍA** | | | **1,00** | **100,00%** |
| | | | **870** | | **REMANENTE DE TESOURARÍA** | | **1,00** | | |
| | | | | 870,00 | REMANENTE DE TESOURARÍA | 1,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO VIII** | **1,00** | **1,00** | **1,00** | **100,00%** |

## Detalle do orzamento por capítulos de gasto

### CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO I : GASTOS DE PERSOAL** | | | | |
| | | **10** | | | **ALTOS CARGOS** | | | **150.517,02** | **0,23%** |
| | | | **101** | | **COMPLEMENTO CARGOS ACADÉMICOS** | | **91.516,80** | | |
| 9845 | 422D | | | 101.01 | REITOR | 16.576,80 | | | |
| 9845 | 422D | | | 101.02 | VICERREITORES E SECRETARIA XERAL | 74.940,00 | | | |
| | | | **102** | | **ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS XERAIS** | | **59.000,22** | | |
| 9845 | 422D | | | 102.01 | ADMINISTRACIÓN XERAL: XERENCIA | 54.706,20 | | | |
| 9845 | 422D | | | 102.02 | PAGAS EXTRAS ADMON XERAL: XERENCIA | 4.294,02 | | | |
| | | **11** | | | **PERSOAL EVENTUAL** | | | **36.458,39** | **0,06%** |
| | | | **110** | | **RETRIBUCIÓNS PERSOAL EVENTUAL** | | **36.458,39** | | |
| 9845 | 422D | | | 110.00 | EVENTUAIS DE GABINETE | 34.319,17 | | | |
| 9845 | 422D | | | 110.02 | PAGAS EXTRAS: EVENTUAIS DE GABINETE | 2.139,22 | | | |
| | | **12** | | | **FUNCIONARIOS** | | | **43.521.373,19** | **66,72%** |
| | | | **120** | | **RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS** | | **20.421.627,64** | | |
| 9845 | 422D | | | 120.10 | SOLDO DO PAS | 2.913.877,68 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.11 | TRIENIOS DO PAS | 420.139,14 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.12 | EXTRAS DO PAS | 723.430,66 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.20 | SOLDO DOCENTES | 10.988.209,80 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.21 | TRIENIOS DOCENTES | 2.296.364,52 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.22 | EXTRAS DOCENTES | 2.992.884,25 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.30 | SOLDOS DOCENTES INTERINOS | 70.038,48 | | | |
| 9845 | 422D | | | 120.31 | EXTRAS DOCENTES INTERINOS | 16.683,11 | | | |
| | | | **121** | | **RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS FUNCIONARIOS** | | **23.099.745,55** | | |
| 9845 | 422D | | | 121.10 | COMPLEMENTO DE DESTINO DO PAS | 1.677.611,88 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.11 | COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO PAS | 1.639.891,92 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.14 | I.P.C. GALEGO PAS | 26.317,01 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.15 | COMPLEMENTO CARGOS PAS | 3.137,52 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.20 | COMPLEMENTO DE DESTINO DOCENTES | 7.787.885,52 | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9845 | 422D | | | 121.21 | COMPLEMENTO ESPECÍFICO DOCENTES | 4.819.416,60 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.22 | MÉRITOS DOCENTES PDI | 3.137.427,96 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.23 | MÉRITOS INVESTIGACIÓN PDI | 846.761,04 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.24 | CARGOS ACADÉMICOS DOCENTES | 679.339,44 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.25 | OUTROS COMPLEMENTOS | 1,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.26 | SEXENIOS MESTRES DE TALLER | 9.412,70 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.28 | I.P.C. GALEGO DOCENTES | 132.541,09 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.29 | SEXENIOS ENSINO SECUNDARIO | 78.356,25 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.30 | COMPLEMENTO DE DESTINO DOCENTES INTERINOS | 50.100,36 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.31 | COMPLEMENTO ESPECÍFICO DOCENTES INTERINOS | 24.552,48 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.32 | CARGOS ACADÉMICOS DOCENTES INTERINOS | 1,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.34 | I.P.C. GALEGO FUNCIONARIOS DOCENTES INTERINOS | 610,64 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.35 | COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS LABOR DOCENTE | 805.000,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.36 | COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS LABOR INVESTIGADOR | 515.700,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.40 | PROFESORES EMÉRITOS | 96.449,26 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.41 | EXTRAS PROFESORES EMÉRITOS | 16.074,88 | | | |
| 9845 | 422D | | | 121.42 | PRAZAS VINCULADAS CONVENIO SERGAS | 753.157,00 | | | |
| | | **13** | | | **PERSOAL LABORAL** | | | **5.678.848,59** | **8,71%** |
| | | | **130** | | **PAS LABORAL FIXO** | | **4.716.795,90** | | |
| 9845 | 422D | | | 130.00 | SOLDO LABORAIS FIXOS | 3.102.458,52 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.01 | TRIENIOS LABORAIS FIXOS | 281.133,60 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.02 | EXTRAS LABORAIS FIXOS | 916.952,60 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.03 | COMPLEMENTO PERIGOSIDADE | 9.137,40 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.06 | HORAS EXTRAS  LABORAIS FIXOS | 30.447,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.07 | PAGA LINEAL CONVENIO NON CONSOLIDABLE | 97.767,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.08 | GRATIFICACIÓNS XUBILACIÓN PAS LABORAL | 3.818,88 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.10 | COMPLEMENTO PERMANENCIA | 9.112,56 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.11 | COMPLEMENTO DISPOÑIBILIDADE | 9.225,60 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.15 | COMPLEMENTO DE POSTO | 244.151,04 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.17 | COMPLEMENTO NOCTURNIDADE | 2.802,72 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.18 | CARGO DIRECTOR PROGRAMA LABORAL FIXO | 4.227,82 | | | |
| 9845 | 422D | | | 130.19 | COMPLEMENTO DE XEFATURA | 5.561,16 | | | |
| | | | **131** | | **PAS LABORAL EVENTUAL** | | **962.052,69** | | |
| 9845 | 422D | | | 131.00 | SOLDO LABORAIS TEMPORAIS PAS | 719.317,68 | | | |
| 9845 | 422D | | | 131.01 | COMPLEMENTO LABORAIS TEMPORAIS | 24.267,12 | | | |
| 9845 | 422D | | | 131.02 | HORAS EXTRAS LABORAIS TEMPORAIS | 5.000,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 131.05 | INDEMNIZACIÓNS RESCISIÓNS DE CONTRATOS | 5.049,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 131.06 | PAGAS EXTRAS PERSOAL LABORAL TEMPORAL | 185.896,20 | | | |
| 9845 | 422D | | | 131.07 | PAGA LINEAL CONVENIO NON CONSOLIDABLE | 22.522,69 | | | |
| | | **14** | | | **PDI CONTRATADO** | | | **7.994.302,56** | **12,26%** |
| | | | **141** | | **RETRIBUCIÓNS PDI CONTRATADO** | | **7.994.302,56** | | |
| 9845 | 422D | | | 141.00 | SOLDOS PDI CONTRATADO | 3.813.003,74 | | | |
| 9845 | 422D | | | 141.01 | PAGAS EXTRAS PDI CONTRATADO | 891.060,51 | | | |
| 9845 | 422D | | | 141.11 | COMPLEMENTO DE DESTINO PDI CONTRATADO | 2.583.283,68 | | | |
| 9845 | 422D | | | 141.12 | COMPLEMENTO ESPECÍFICO PDI CONTRATADO | 620.418,36 | | | |
| 9845 | 422D | | | 141.13 | COMPLEMENTO ACADÉMICO PDI CONTRATADO | 66.207,96 | | | |
| 9845 | 422D | | | 141.17 | I.P.C. GALEGO PDI DOCENTE | 20.328,31 | | | |
| | | **15** | | | **INCENTIVOS AO RENDEMENTO** | | | **462.616,16** | **0,71%** |
| | | | **150** | | **PRODUTIVIDADE** | | **380.169,16** | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 9845 | 422D | | | 150.00 | PRODUTIVIDADE PAS FUNCIONARIO | 380.169,16 | | | |
| | | | 151 | | **GRATIFICACIÓNS** | | **82.447,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 151.00 | GRATIFICACIÓNS PAS FUNCIONARIO | 32.447,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 151.02 | GRATIFICACIÓNS PERSOAL DOCENTE | 50.000,00 | | | |
| | | 16 | | | **COTAS PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS** | | | **7.385.803,71** | **11,32%** |
| | | | 160 | | **COTAS SOCIAIS** | | **6.899.159,22** | | |
| 9845 | 422D | | | 160.00 | SEGURIDADE SOCIAL PAS FUNCIONARIO | 1.993.420,87 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.05 | SEGURIDADE SOCIAL PAS LABORAL FIXO | 1.490.035,83 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.10 | SEGURIDADE SOCIAL PAS LABORAL TEMPORAL | 310.649,81 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.30 | SEGURIDADE SOCIAL PDI CONTRATADO | 2.502.482,26 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.40 | SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL DOCENTE INTERINO | 53.786,33 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.50 | SEGURIDADE SOCIAL PDI FUNCIONARIO PRAZAS VINCULADAS | 90.000,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 160.60 | SEGURIDADE SOCIAL DOCENTE INEF | 458.784,12 | | | |
| | | | 162 | | **GASTOS SOCIAIS** | | **486.644,49** | | |
| 9845 | 422D | | | 162.00 | FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PAS | 96.464,49 | | | |
| 9845 | 422D | | | 162.03 | ACCIÓN SOCIAL PAS LABORAL | 68.200,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 162.04 | ACCIÓN SOCIAL PAS FUNCIONARIO | 95.370,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 162.05 | SEGUROS | 78.000,00 | | | |
| 9845 | 422D | | | 162.06 | ACCIÓN SOCIAL PDI | 148.610,00 | | | |
| | | | | | **TOTAL CAPÍTULO I** | **65.229.919,62** | **65.229.919,62** | **65.229.919,62** | **100,00%** |

## CAPÍTULO II: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

| org. | fun. | Art. | Cto. | Subcto. | Denominación | Subcto. | Cto. | Art. | % S/CAP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **CAPÍTULO II : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS** | | | | |
| | | 20 | | | **ALUGUEIROS E CANONS** | | | **203.900,00** | **1,47%** |
| | | | 200 | | **ALUGUEIROS DE TERREOS** | | **6.500,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 200.00 | TERREOS | 6.500,00 | | | |
| | | | 202 | | **DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS** | | **15.000,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 202.00 | DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS | 15.000,00 | | | |
| | | | 203 | | **DE MAQUINARIA INSTALACIÓNS E FERRAMENTAS** | | **2.000,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 203.00 | DE MAQUINARIA INSTALACIÓNS E FERRAMENTAS | 2.000,00 | | | |
| | | | 204 | | **DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE** | | **5.400,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 204.00 | DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE | 5.400,00 | | | |
| | | | 205 | | **DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO** | | **15.000,00** | | |
| 9845 | 422D | | | 205.00 | DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO | 15.000,00 | | | |
| | | | 209 | | **DOUTRO INMOBILIZADO** | | **160.000,00** | | |
| 9830 | 422D | | | 209.00 | CANONS | 160.000,00 | | | |
| | | 21 | | | **REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN** | | | **1.166.320,00** | **8,42%** |
| | | | 212 | | **DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS** | | **897.120,00** | | |
| 9810 | 422D | | | 212.00 | DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS - VIXA | 700.030,00 | | | |
| 9835 | 422D | | | 212.00 | DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS - VFREU | 10.000,00 | | | |
| 5010 | 300C | | | 212.00 | FACULTADE DE CIENCIAS | 12.710,00 | | | |
| C | 20 | 2 | 16.240,80 | 3.507,84 | 10.230,96 | 11.348,64 | 159,44 | 10.450,75 | 51.938,42 |
| C | 18 | 43 | 349.177,20 | 76.038,18 | 197.488,68 | 184.500,96 | 3.109,63 | 204.118,26 | 1.014.432,92 |
| C | 16 | 76 | 617.150,40 | 72.776,04 | 309.377,76 | 275.821,92 | 5.101,87 | 322.489,43 | 1.602.717,43 |
| D | 18 | 4 | 26.559,36 | 4.379,76 | 18.371,04 | 17.162,88 | 261,42 | 16.810,41 | 83.544,88 |
| D | 16 | 78 | 517.907,52 | 30.757,86 | 317.519,28 | 283.250,16 | 4.699,25 | 290.726,37 | 1.444.860,44 |
| D | 15 | 40 | 265.593,60 | 14.010,54 | 152.371,20 | 143.956,80 | 2.360,31 | 145.671,87 | 723.964,31 |
| | **TOTAIS** | **350** | **2.913.877,68** | **420.139,14** | **1.677.611,88** | **1.639.891,92** | **26.317,01** | **1.682.147,30** | **8.359.984,93** |

**PRODUTIVIDADE** **380.169,16**

## RPT LABORAIS

soldo, trienios, extras e complementos

| GRUPO | | Nº EFECTIVOS | CUSTO | SEG. SOCIAL | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| I | | 34 | 1.168.511,97 | 369.132,93 | 1.537.644,90 |
| II | | 15 | 387.412,50 | 122.383,61 | 509.796,11 |
| III | | 41 | 854.852,25 | 270.047,83 | 1.124.900,08 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| IV A | | 36 | 680.846,70 | 215.079,47 | 895.926,17 |
| IV B | | 90 | 1.493.139,60 | 471.682,80 | 1.964.822,40 |
| | **TOTAIS** | **216** | **4.584.763,02** | **1.448.326,64** | **6.033.089,66** |

**PAGA LINEAL CONVENIO NON CONSOLIDABLE** **97.767,00**

## LABORAIS EVENTUAIS

soldo, extras e complementos

| GRUPO | | Nº EFECTIVOS | CUSTO | SEG. SOCIAL | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| I | | 6 | 175.418,40 | 56.642,60 | 232.061,00 |
| II | | 8 | 175.760,40 | 56.753,03 | 232.513,43 |
| III | | 10 | 182.842,65 | 59.039,89 | 241.882,54 |
| IV A | | 18 | 230.904,30 | 74.559,00 | 305.463,30 |
| IV B | | 11 | 164.555,25 | 53.134,89 | 217.690,14 |
| | **TOTAIS** | **53** | **929.481,00** | **300.129,41** | **1.229.610,41** |

**PAGA LINEAL CONVENIO NON CONSOLIDABLE** **22.522,69**

## XERENCIA

| | | Nº EFECTIVOS | CUSTO | SEG. SOCIAL | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Xerente | | 1 | 59.000,22 | 14.862,16 | 73.862,38 |

## EVENTUAIS GABINETE

| Nº EFECTIVOS | CUSTO | SEG. SOCIAL | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 36.458,39 | 9.183,87 | 45.642,26 |

## GASTOS SOCIAIS PAS

| | | |
|---|---|---|
| FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PAS | | 96.162,00 |
| ACCIÓN SOCIAL PAS LABORAL | | 68.200,00 |
| ACCIÓN SOCIAL PAS FUNCIONARIO | | 95.370,00 |

## PRAZAS SEN OCUPAR CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA

| | |
|---|---|
| L203 | Programador |
| L208 | Analista responsable de proxectos |
| L218 | Programador |
| L231 | Analista de informática |

## PRAZAS SEN DOTACIÓN ORZAMENTARIA

Durante o exercicio 2005, non se prevé ocupar os postos vacantes da RPT que deseguido se están a relacionar. Xa que logo, non contan con dotación orzamentaria. No entanto, mantéñense dentro da RPT para, se cumprir, seren ocupadas en exercicios futuros.

### RPT LABORAIS

| | |
|---|---|
| L007 | Técnico en comunicación |
| L020 | Técnico de filmación |
| L150 | Condutor |
| L154 | Condutor |
| L180 | Técnico de mantenemento |
| L191 | Técnico superior parámetros ambientais |
| L192 | Técnico superior bioloxía molecular |
| L193 | Auxiliar de servizos |
| L197 | Técnico en programas de I+D |
| L199 | Técnico en programas de I+D |
| L204 | Operador de informática |
| L205 | Operador de informática |
| L252 | Psicólogo |
| L259 | Arquitecto técnico (Campus Ferrol) |
| L262 | Médico |
| L263 | Diplomado en enfermería (DUE) |
| L264 | Fisioterapeuta |
| L265 | Técnico en prevención de riscos laborais |
| L320 | Técnico especialista de laboratorio |
| L387 | Auxiliar de servizos |
| L417 | Xefe de taller |
| L519 | Técnico especialista de laboratorio |
| L520 | Técnico especialista de laboratorio |
| L548 | Técnico superior instrument. analitica |
| L554 | Técnico superior (Laborat. mecan. fluidos) |
| L555 | Técnico superior (Laborat. combustibles) |
| L610 | Experto en audiovisuais |
| L617 | Peón especializado |

### RPT FUNCIONARIOS

| | |
|---|---|
| F003 | Secretario do Reitor |
| F004 | Secretario do Reitor |
| F073 | Xefe de negociado |
| F081 | Xefe de negociado |
| F093 | Xefe da Sección de Administración e Servizos |
| F114 | Posto base grupo B |
| F121 | Interventor-Auditor |
| F171 | Axudante de biblioteca |
| F268 | Posto base grupo B |
| F357 | Administrador |
| F394 | Director de biblioteca |
| F416 | Xefe de negociado |
| F511 | Axudante de biblioteca |
| F525 | Administrativo |
| F550 | Secretario de dirección |
| F600 | Xerente INEF |

# ANEXO II: CRITERIOS DE REPARTO A CENTROS

## CAPÍTULO II

### CONCEPTO 212 "EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS"

A función deste crédito é posibilitar que a dirección do centra poida acometer reparacións menores que, pola súa escasa importancia e elevada urxencia, non sexan asumidas polo servizos da vicerreitoría de infraestruturas e xestión ambiental.

O importe deste concepto distribuirase exclusivamente entre centros con sede consolidada.

Cando existan dous ou máis centros que comparten edificio, o gasto desconcentrado xestionarase polo director/decano do centro con maior número de alumnos, quen tomará as decisións de autorización e disposición do gasto co visto bo do director/decano do outro centro. De existiren discrepancias arredor da xestión destes créditos, serán dirimidas polo vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental.

As modificacións de créditos (transferencias, redistribucións, etc.) serán adoptadas polo director/decano do centro con maior número de alumnos co visto bo do director/decano do outro centro. De existiren discrepancias arredor da xestión destes créditos, serán dirimidas polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 40% en función dos $m^2$ de superficie de cada centro.
- 20% en función da antigüidade do edificio:
  - Centros de máis de 10 anos: 1,5 puntos.
  - Centros de 8, 9 ou 10 anos: 1,25 puntos
  - Centros de 5, 6 ou 7 anos: 1 punto.
  - Centros de ata 4 anos: 0,5 puntos.
- 20% en función do número de alumnos/as.
- 20% en función do coeficiente de experimentalidade definido no Programa de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2000-2003).

Garantía: ningún edificio percibirá cantidades inferiores ao 90 % do percibido en 2004 nin contías superiores ao 125% do recibido en 2004. Non obstante, os centros que compartan edificio rexeranse polo sinalado anteriormente.

**CONCEPTO 220 "MATERIAL DE OFICINA"**

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Dótase a cada centro dunha cantidade fixa por importe de 2.500 €.
- restante distribúese da seguinte forma:
  - 50% en función do número de profesores/as, ponderados por dedicación.
  - 50% en función do número de alumnos/as.

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 90 % do percibido en 2004

**CONCEPTO 221 "SUBMINISTROS"**

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 45 % a partes iguais entre todos os centros
- 55 % en función do número de alumnos/as ponderados por coeficientes de experimentalidade.

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 100% do percibido en 2004 nin superiores ao 120% do percibido en 2004.

**CONCEPTO 222 "COMUNICACIÓNS":**

Destinado a atender os gastos derivados de comunicacións postais e doutro tipo, excluíndo as comunicacións telefónicas.

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Asígnase unha cantidade de 500,00 € por centro.
- A cantidade restante distribuirase da seguinte maneira:
  - 50% en función do nº de profesores/as ponderados por dedicación.
  - 50% en función do nº de alumnos/as.

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 90 % do percibido en 2004 nin superiores ao 110% do percibido en 2004.

**CONCEPTO 226.01 "ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS"**

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, distribuirase a partes iguais entre os centros.

**CONCEPTO 229.01 "ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E OUTRAS (CENTROS)**

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- 40 % a partes iguais entre todos os centros
- 40 % en función do número de alumnos/as
- 20 % en función do número de titulacións existentes no centro

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 100 % do percibido en 2004 nin superiores ao 115% do percibido en 2004.

#### CONCEPTO 230 "AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN"

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Dótase unha cantidade fixa por centro de 500 €.
- A cantidade restante distribúese do seguinte xeito:
  - 70% en función do nº de profesores/as ponderados por dedicación.
  - 30% en función do nº de titulacións existentes nos centros.

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 90 % do percibido en 2004

## CAPÍTULO VI

#### CONCEPTO 625. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO

Unha vez determinada a contía global a repartir para o exercicio económico, a súa asignación realizarase segundo os seguintes criterios:

- Unha cantidade fixa por centro de 12.000 €.
- Se o centro cambiou a súa sede nos últimos dous anos ou é de nova creación (antigüidade de menos de 2 anos), recibirá unha cantidade adicional de 10.000 €
- resto repartirase co criterio do número de alumnos/as, ponderados por coeficiente de experimentalidade.

Garantía: ningún centro percibirá cantidades inferiores ao 100 % do percibido en 2004 nin superiores ao 120% do percibido en 2004.

## COEFICIENTES QUE SE CITAN

- Coeficientes profesorado:

  a) Profesores/as a tempo completo 1,0

  b) Profesores/as a tempo parcial 0,5

  Os profesores/as computarán no centro no cal teñan maior docencia.
- Os coeficientes de experimentalidade que se aplican a cada unha das titulacións son os definidos no Programa de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2000-2003).

# BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2005

## BASE 1ª "VINCULACIÓN DE CRÉDITOS"

1.- Os créditos consignados nos estados de gastos destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que foron autorizadas pola aprobación do orzamento ou polas modificacións aprobadas conforme á normativa vixente.

2.- Con carácter xeral, a vinculación dos créditos será a nivel de centro de gasto (orgánica), de programa (funcional) e de capítulo (económica). Dentro desta vinculación, as modificacións orzamentarias formalizaranse mediante as correspondentes redistribución de créditos.

3.- Dentro de cada un dos programas de gasto, os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo. En consecuencia, os créditos destinados a gastos de persoal, agás os que se refiren a incentivos ao rendemento (concepto), e os gastos en bens correntes e servizos, terán carácter vinculante a nivel de capítulo cando pertencen ao mesmo programa de gasto.

4.- Consonte o anteriormente sinalado e coa finalidade de realizar un adecuado control na execución dos créditos orzamentarios, no sistema informático Sorolla determínase que a vinculación se realice a nivel de aplicación orzamentaria, debéndose efectuar, cando for preciso, as correspondentes redistribucións orzamentarias (documentos contables 020 (positivo/negativo) e 090 (positivo/negativo)).

## BASE 2ª "NULIDADE DE OBRIGAS"

1.- Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos figurados nos estados de gastos, segundo a vinculación establecida na base 1ª, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

2.- Exceptúanse do disposto no apartado 1 desta base aqueles compromisos de gasto que regulamentariamente se determinen, cando a imputación corresponda a créditos ampliables ou que se adquiran como consecuencia das necesidades propias do normal funcionamento dos servizos e o seu importe exacto fose de difícil previsión por corresponder a obrigas de tracto sucesivo.

## BASE 3ª "GASTOS PLURIANUAIS"

1.- Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida cos que a seguir se especifican:

a) Investimentos e transferencias de capital

b) Transferencias correntes, derivadas das normas con rango de lei.
c) Gastos en bens e servizos cuxa contratación, baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos das administracións públicas, non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por prazo dun ano.
d) Arrendamento dos bens inmobles que vaian ser utilizados por servizos da universidade.
e) Cargas financeiras derivadas das operacións de endebedamento da universidade.
f) Activos financeiros.
g) Convenios con outras institucións ou centros cando aqueles deban executarse durante cursos académicos coincidentes con dous exercicios orzamentarios.

2.- A autorización da realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase aos créditos que para cada exercicio se consignaren no orzamento da universidade.

3.- O número de exercicios a que poden aplicarse os gastos incluídos nos apartados a), b), c), f) e g) do número 1 non poderá ser superior a catro.

Así mesmo, o gasto que en tales casos se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial a nivel de concepto as seguintes porcentaxes:

- No exercicio inmediato seguinte, o 70%
- No segundo exercicio, o 60% e
- Nos exercicios terceiro e cuarto, o 50%

O Consello de Goberno, por proposta do Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica e do Xerente, poderá modificar as porcentaxes sinaladas, así como modificar o número de anualidades en casos especialmente xustificados.

O gasto que se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá exceder do resultado de lle aplicar ao crédito inicial correspondente do exercicio corrente as porcentaxes establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, salvo o que para os expedientes de obra sinala a Lei de contratos das administracións públicas.

4.- Os compromisos de gastos de carácter plurianual a que fai referencia a presente base serán adecuadamente contabilizados de forma independente.

### BASE 4ª "ANULACIÓN DE CRÉDITOS"

1.- Os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estiveren afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, salvando, en todo caso, o disposto na base 12ª.

**BASE 5ª "REGULACIÓN DE OBRIGAS"**

1.- Con cargo aos créditos consignados nos estados de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos, e demais gastos en xeral que fosen realizados no ano natural do correspondente exercicio orzamentario.

2.- Porén, aplicaránselles aos créditos do orzamento vixente no momento de expedición de ordes de pagamento as seguintes obrigas:

- As que resultaren do recoñecemento e da liquidación de atrasos a favor do persoal que reciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos da universidade.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

3.- Naqueles casos en que non exista crédito adecuado no exercicio corrente, o Reitor ou Vicerreitor en quen delegar poderá determinar os créditos a que se lles deberá imputar o pagamento desas obrigas.

**BASE 6ª "MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS"**

1.- As modificacións dos créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nestas Bases de Execución.

2.- Toda proposta e acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente o centro de gasto, programa, capítulo, artigo, concepto e subconcepto, se for o caso, afectados por esta.

3.- Para o suposto de redistribución de créditos, aplicarase o disposto na base 1ª.5.

4.- As transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintos centros de gasto, programas e/ou capítulos deberán tramitarse a través das correspondentes modificacións orzamentarias. En todo caso, estas transferencias axustaranse ao disposto na base 9ª.

Dentro do mesmo capítulo, as modificacións orzamentarias entre centros de gasto e programas diferentes consideraranse transferencias de crédito e deberán ser autorizadas polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, logo de solicitude razoada formulada polo responsable do gasto. En ningún caso será posible a transferencia de máis do 25 % do crédito inicial entre aplicacións pertencentes a diferentes programas de gasto.

Excepcionalmente, poderase solicitar autorización para realizar modificacións orzamentarias de ata o 50 % do crédito inicial entre o programa 300C "Centros" e 122B "Bibliotecas".

### BASE 7ª "CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS"

Cando deba realizarse algún gasto con cargo aos orzamentos da universidade que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito nos estados de gastos, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, o Reitor someterá ao acordo do Consello Social a concesión dun crédito extraordinario, no primeiro caso, ou dun suplemento de crédito, no segundo, en que se especificarán necesariamente os recursos con que se financiará o gasto que por estas causas se xera, e o detalle do concepto orzamentario que se debe crear ou que é suplementado.

### BASE 8ª "CRÉDITOS AMPLIABLES"

Os créditos poderán ter a consideración de ampliables, segundo a normativa orzamentaria, agás nos seguintes casos:

- crédito correspondente ao cadro de persoal dos funcionarios docentes da universidade, excluídos os conceptos retributivos a que alude o artigo 69.3 da Lei orgánica de universidades.
- crédito correspondente ao cadro de persoal dos funcionarios non docentes.

### BASE 9ª "COMPETENCIAS"

1.- O Consello Social, delega:

- no Consello de Goberno, e con carácter xeral, a aprobación da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- no Consello de Goberno, as transferencias de crédito de gastos correntes a créditos de gastos de capital.

2.- O Consello de Goberno, delega:

- na Comisión de Asuntos Económicos a convalidación, se proceder, de expedientes de gasto e a correspondente imputación dos mesmos a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente, malia que non existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia e/ou non fosen debidamente adquiridos consonte ao ordenamento vixente. O Consello de Goberno deberá ser informado das convalidacións realizadas pola Comisión delegada.
- no Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica a determinación da imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos de gasto adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3.- As transferencias de créditos de gastos de capital a calquera outro Capítulo de gastos correntes debe de acordalas o Consello Social, consonte a lexislación vixente.

4.- Os expedientes de incorporación de créditos serán autorizados e aprobados polo Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

5.- O financiamento dos créditos no Estado de Gastos con cargo ao remanente non afectado será aprobado polo Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.

**BASE 10ª "LIMITACIÓNS"**

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- Non afectará aos créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores, nin os que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, agás cando afectaren a créditos de persoal, redistribucións de crédito e aumentos por xeracións.
- Non poderán incrementarse créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración, agás cando afectaren a créditos de persoal, redistribucións de créditos e aumentos por xeracións.
- As transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a distintos programas de gasto deberán ser autorizadas polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, logo de solicitude razoada formulada polo responsable do gasto. En ningún caso será posible a transferencia de máis do 25 % do crédito inicial entre aplicacións pertencentes a diferentes programas de gasto.
- No programa de gasto 300C "Centros", non será posible a redistribución ou transferencia de máis do 50 % do crédito inicial desde o concepto 212 "reparacións, mantemento e conservación de edificios e outras construcións" a calquera outro concepto do programa ou doutros programas de gasto.

2.- Poderase crear, nos capítulos en que se considerasen necesarios unha aplicación orzamentaria de gastos, de carácter instrumental (fondo infraestrutura universidade) en que se recollan as retencións por cursos, contratos, proxectos de investigación, convenios, etc., segundo a normativa vixente.

Esta aplicación orzamentaria poderá, vía modificación correspondente, incrementar ou diminuír o seu crédito segundo as necesidades de execución orzamentaria.

## BASE 11ª "XERACIÓN DE CRÉDITO"

1.- Poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos os ingresos efectivos os dereitos liquidados e os compromisos firmes de ingresos derivados das seguintes operacións:

- Contribucións de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente coa universidade, gastos que pola súa natureza estiveren comprendidos nas fins ou obxectos encomendados a esta.
- Prestación de servizos.
- Reembolso das prestacións destinadas a atencións sociais.
- Créditos do exterior para financiar investimentos públicos.

2.- As xeracións de crédito a que se fai referencia apartado 1 desta base, unicamente poderán realizarse polo exceso de ingreso sobre as cifras inicialmente orzadas.

3.- As xeracións de crédito efectuaranse no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso, agás cando este tiver lugar no último trimestre do ano ou cando se tratar de fondos procedentes da Unión Europea ou da Administración Central do Estado ou da Administración Autonómica que os cofinanciaren, casos en que se poderá xerar crédito no exercicio seguinte, sempre que se xustifique a imposibilidade de ter tramitada a xeración no mesmo exercicio en que se produciu o ingreso.

4.- Corresponde ao Reitor ou Vicerreitor en quen delegar a aprobación dos expedientes de xeración de crédito.

## BASE 12ª "INCORPORACIÓNS"

1.- Poderán incorporarse aos estados de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no último mes do exercicio orzamentario e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante o mesmo.

b) Os créditos que recollan compromisos de gastos anteriores ao último mes do exercicio orzamentario e que non puidesen executarse ao fin do exercicio económico por causas xustificadas.

Con carácter xeral, será preciso que tales compromisos de gastos acadasen a fase de disposición (Fase D) en contabilidade antes do último mes do exercicio.

c) Os créditos destinados a operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados aos mesmos.

e) Os créditos xerados polas operacións enumeradas na base 11ª.

2.- Os remanentes incorporados segundo o previsto no apartado 1 desta base unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario en que a incorporación se acorde, e nos supostos a) e b) dese número, para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a concesión, autorización e compromiso, agás os que corresponderen a créditos financiados por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, que poderán ser incorporados en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

3.- Os fondos correspondentes a financiamento condicionado serán incorporables de acordo coa normativa que lles for aplicable en cada caso.

4.- Para o exercicio de 2005, a incorporación de créditos realizarase consonte as instrucións que figuran no documento complementario I "instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2005 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2006".

5.- O Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica e o Xerente poderán acordar, con carácter xeral, a incorporación automática ao exercicio seguinte dos créditos a que se refire a letra d) do apartado 1 desta base.

## BASE 13ª "AXUDAS E SUBVENCIÓNS"

1.- Para a concesión de axudas e subvención con cargo aos orzamentos da universidade, aplicaranse criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Sen prexuízo de que o Consello de Goberno determine os criterios básicos, os órganos xestores competentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases conterán como mínimo os seguintes extremos:

- Obxecto da subvención ou axuda.
- Requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias para a obtención da axuda e das subvencións e forma de os acreditaren.
- Prazo e forma de xustificación por parte das persoas beneficiarias da aplicación definitiva dos fondos recibidos, incluso os librados, se for o caso, en concepto de anticipos.
- Forma e prazos de concesión da subvención, así como posibilidades de conceder anticipos da mesma.

2.- Non será aplicable o disposto no apartado anterior cando as axudas ou subvencións tiveren asignación nominativa nos orzamentos da universidade ou a súa concesión e contía lles foren esixibles en virtude dela.

3.- A obtención concorrente de subvencións ou axudas autorizadas por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
4.- Os perceptores de subvención ou axudas con cargo aos orzamentos da universidade estarán obrigados a xustificar a aplicación de fondos recibidos nos prazos e condicións establecidos na resolución da concesión.
5.- Procederá o reintegro da axuda ou subvención percibida e mais os xuros de demora nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación.
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras para a súa concesión.

**BASE 14ª "DOS GASTOS DE PERSOAL"**

1.- As retribucións do persoal da universidade en activo quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e ao cumprimento do artigo 81.4 da Lei Orgánica de Universidades.
2.- O crédito destinado á produtividade e gratificacións do persoal funcionario utilizarase conforme ao disposto nos artigos 5º, 6º e 7º do Real decreto 1545/1987 do 11 de decembro (B.O.E. nº 301 de 17 de decembro), e á Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Os créditos destinados a gastos sociais de PAS funcionario, PAS laboral e persoal docente destinaranse a gastos desta natureza escoitada a opinión ou tida en conta a proposta da Xunta de Persoal, do Comité de Empresa e Xunta de Persoal Docente, respectivamente.
4.- A concesión de anticipos de nómina ao persoal desta universidade realizarase sempre que exista crédito adecuado e suficiente dándolle o correspondente tratamento non orzamentario.

**BASE 15ª "DOS CRÉDITOS CENTRALIZADOS E DOS CENTROS"**

1.- Para os efectos do disposto no artigo 98 dos Estatutos desta universidade destínase o crédito denominado Cursos Formación PAS, para cubrir o custo do Plano Integral de Formación do Persoal da Administración e Servizos.
2.- Descentralizaranse os créditos dos Capítulos II e VI nos centros e departamentos, nas contías que figuran no orzamento para os centros e nas que no seu momento se determinen para os departamentos.
O Reitor ou Vicerreitor en quen delegar poderá corrixir as carencias nas asignacións de créditos descentralizados, así como efectuar os axustes que se precisaren.

3.- Poderanse descentralizar nos centros os créditos para axudas que figuran no Capítulo IV. Para tal efecto, o Vicerreitor que, por delegación do Reitor, tiver atribuída a competencia de autorización do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento de crédito, realizará a oportuna transferencia de crédito á partida correspondente do centro.

4.- As Xuntas de Centros e os Consellos de Departamento teñen a obriga de aprobar a distribución anual dos créditos que lles foren asignados. As distribucións remitiranse ao Xerente para o fin de as por en coñecemento do Consello de Goberno.

5.- O crédito denominado "Gasto de funcionamento do Departamento" (226.14) ten como finalidade financiar todos os gastos correntes para o seu normal funcionamento que non foren imputables a outras partidas orzamentarias centralizadas ou descentralizadas.

Para o aboamento dos gastos imputables a este concepto, dado que a normativa vixente prescribe que na imputación dos gastos deberá predominar a natureza destes, realizaranse as necesarias modificacións consonte as presentes bases.

6.- O disposto no apartado anterior aplicarase ao crédito destinado á cobertura dos gastos de funcionamento dos Institutos Universitarios e Centros Tecnolóxicos.

7.- Os créditos descentralizados da concepto orzamentaria 625 teñen como destino a adquisición de material inventariable en que se inclúe a maquinaria, equipos, aparatos de laboratorio, mobles, equipos de oficina, etc. As adquisicións de equipos para procesos de informatización e renovación imputaranse á partida 626, realizándose para o efecto as correspondentes modificacións orzamentarias.

8.- O crédito denominado "Fondos de Investigación. Terceiro Ciclo" (649.08) destinarase ao aboamento dos gastos derivados dos programas de doutoramento tales como as retribucións a persoal alleo á Universidade da Coruña por impartir cursos e conferencias (incluíndo os gastos derivados do seu desprazamento e estancia) e os gastos derivados de desprazamentos colectivos que se consideraren necesarios para o desenvolvemento docente do alumnado. Tamén se poderán imputar a esta partida os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento do programa de terceiro ciclo (imprenta, fotocopias, material de papelaría, etc).

9.- O crédito orzamentario "Fondos de Investigación. Departamentos" (649.00) ten como destino o aboamento dos gastos derivados de investigación tales como os gastos de inscrición en cursos, congresos, feiras, exposicións, etc; os derivados de desprazamento, manutención e estancia de persoas que participaren en actividades que se consideren necesarias para a investigación, incluídos os derivados de asistencia a cursos, congresos, feiras, exposicións, etc; e os derivado de estudos e traballos técnicos relativos á

investigación. Financiaranse con cargo a este crédito, logo da correspondente modificación orzamentaria, adquisición de todo tipo de bens inventariables.
Igualmente poderán imputarse a este crédito os gastos correntes necesarios para levar a cabo a investigación, como son as adquisición de bens funxibles para laboratorios ou repostos para máquinas de laboratorio. En ningún caso se imputarán a esta partida as adquisicións de bens inventariables.

### BASE 16ª "CONTABILIZACIÓN DE INGRESOS DE CARÁCTER FINALISTA"

Para facilitar a contabilización de ingresos de carácter finalista (convenios, axudas, subvencións, etc.), a unidade administrativa responsable da súa tramitación deberá achegar escrito motivado e copia do documento que fundamenta tal ingreso (convenio, concesión, etc.) á Xerencia (Servizo de Contabilidade). Nese escrito indicará os datos fiscais e persoais de quen fai o ingreso, finalidade do mesmo e, se for o caso, crédito no estado de gastos do orzamento que financia. Tocante á retención a efectuar pola UDC en materia de convenios, estarase á normativa que especificamente aprobe a propia universidade.
A recadación e xestión orzamentaria dos ingresos correspondentes a cursos, xornadas, seminarios, etc. realizaranse de conformidade coa instrución de xerencia de data 30 de outubro de 1995 "Instrución de desenvolvemento das normas de réxime económico de cursos non regrados".
Os solicitantes de xeracións de créditos con cargo a futuros ingresos (adiantos) deberán informar a xerencia no mes de decembro de 2004 sobre a xustificación e estado de execución do crédito financiado coa devandita xeración.

### BASE 17ª "DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA"

1.- En materia de contratación administrativa é de aplicación para a Universidade da Coruña a Lei de contratos das administracións públicas.
2.- Calquera proposta de incoación de expedientes de contratación será remitida á Xerencia, que ordenará a súa tramitación segundo as normas establecidas ao efecto.

### BASE 18ª "DA MEMORIA ANUAL"

Os Centros, Departamentos e Servizos deberán elaborar unha memoria económica anual no prazo de dous meses contados a partir do peche do exercicio económico. Estas memorias acompañaranse á memoria anual da universidade.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Autorízase ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica e xerente para que diten as instrucións necesarias para o desenvolvemento das presentes bases.

Segunda: Poderáselle asignar a xestión de créditos orzamentarios mediante resolución reitoral aos Centros de Gastos. A relación de centros de gasto vixente a 1 de xaneiro de 2005 poderase modificar mediante resolución reitoral, como consecuencia de calquera variación que durante o exercicio poida producirse sobre alta, modificación ou baixa de Centros de Gastos.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

**Documento Complementario I:**

**"Instrucións para Regulamentar a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2005 ao Orzamento de Gastos do Exercicio Económico de 2006"**

## A) LEXISLACIÓN:

- Art. 59 e 71 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Art. 49 e 58 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

## B) CRITERIOS SOBRE INCORPORACIÓNS:

**XERAL:** Os créditos destinados a atender gastos que o 30/12/2005 como derradeiro día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (FASE O) quedarán anulados de pleno dereito.

**EXCEPCIONAIS:** Poderán incorporarse ao estado de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

a. Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no mes de novembro e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este.

b. Os créditos que recollan compromisos de gastos anteriores ao 30 de decembro e que non puidesen executarse a fin do exercicio económico por causas xustificadas.

Será preciso que, no sistema informático Sorolla e antes do 30 de decembro de 2005, todos os compromisos de gastos acadasen a fase de disposición (fase D), agás aqueles que, por estaren destinados a convocatorias de bolsas e axudas, precisarán unicamente estar formalizados contablemente en fase "A".

c. Os créditos destinados a operacións de capital.
d. Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados ós mesmos e as xeracións de créditos.
e. Os créditos xerados por achegas doutras administracións públicas ou persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos afectados, pola prestación de servizo e financiar investimentos públicos.

## C) CONSIDERACIÓNS PRÁCTICAS PARA AS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS AO EXERCICIO DE 2006.

### Regras Xerais

Créditos de vixencia anual para atender necesidades que estean previstas no exercicio »» non se poden incorporar

Créditos que inicialmente non figuran no presuposto e que a súa vixencia económica é atender obrigas debidamente tramitadas e formalizadas que se estenden máis alá do exercicio económico vixente »» si se poden incorporar.

**CAPÍTULO I: "GASTOS DE PERSOAL"**

Poderanse incorporar os créditos correspondentes á seguridade social (160) do mes de decembro de 2005 e gastos sociais (162) de 2005.

**CAPÍTULO II: "GASTOS EN BENS E SERVIZOS CORRENTES"**

Son créditos para atender obrigas referidas a bens e servizos que se producen durante e para cada exercicio. Os dispoñibles a 30/12/2005 non se incorporan.

Excepcións: masters, cursos especialización e outros cursos e actividades con vixencia no presente exercicio e no vindeiro con financiamento finalista (**deberase** achegar certificación segundo modelo (Anexo I) do responsable sobre continuidade no exercicio 2006).

## CAPÍTULO IV: "TRANSFERENCIAS CORRENTES"

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a bolsas e axudas convocadas no exercicio 2005 e que acadaron a fase de autorización (fase A) antes do 30 de decembro.

## CAPÍTULO VI: "INVESTIMENTOS REAIS"

Poderanse incorporar os créditos que acaden a fase de disposición (fase D) antes do 30 de decembro de 2005 e os créditos finalistas con vixencia de execución en exercicios futuros.

### Créditos de Investigación

En relación cos **créditos de investigación,** os criterios de incorporación serán os seguintes:

- Fondos de investigación de Departamentos e fondos de terceiro ciclo (*FONDOS INVESTIGACIÓN*): poderanse incorporar ao exercicio seguinte ao da súa concesión, logo de solicitude expresa.
- Proxectos investigación:
  - Se aínda non se acadou a derradeira anualidade: poderanse incorporar remanentes de crédito, logo da solicitude formulada polo Investigador Principal.
  - Se xa se acadou a derradeira anualidade: poderanse incorporar remanentes de crédito, logo da acreditación por parte do Investigador Principal de prórroga concedida pola entidade financiadora. Nos proxectos financiados pola UDC e pola Xunta de Galicia corresponderalle á vicerreitoría de Investigación a concesión das devanditas prórrogas, logo da solicitude do Investigador Principal.
- Infraestrutura: vixencia da concesión.
- Convenios de Investigación (axudas e contratos): poderanse incorporar ao exercicio seguinte ao da súa vixencia sempre que o responsable da actividade xustifique cumpridamente as razóns e non exista oposición de ningunha das partes asinantes do convenio.

Cómpre salientar que esta **normativa de incorporacións rexerá unicamente para o exercicio económico de 2005**. En consecuencia, a partir de 2006**, poderán introducirse cambios no tocante a limitar as incorporacións dos proxectos financiados pola Xunta de Galicia e/ou pola UDC** na derradeira anualidade. Se for necesario, os cambios nas normas de incorporación figurarán nas Bases de Execución dos futuros orzamentos.

### Bibliotecas (solicitude con indicación de pedidos)

En relación cos créditos destinados a fondos bibliográficos, para proceder á súa incorporación deberá remitirse relación de compromisos adquiridos con cargo ó devandito

crédito orzamentario (valorados economicamente) durante o exercicio e que a 30 de decembro de 2005 estean en tramitación.

**CAPÍTULO VII: "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL"**

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a este capítulo que a 30 de decembro do ano 2005 estean en fase de disposición (fase D).

## TRAMITACIÓN XERAL:

Cada Centro de gasto que xestiona créditos orzamentarios, deberá remitir por centro e capítulo segundo modelo (Anexo II) e acompañando os seguintes informes sobre créditos a incorporar emitidos polo sistema informático Sorolla:

a. Módulo Avance: **"Estado de execución do xestor"** referido a todo o Centro de Gasto, subliñando as partidas a incorporar.

b. Módulo Docuconta: **"Situación de créditos por centro"** de cada aplicación orzamentaria con créditos a incorporar. Este informe deberá vir asinado polo responsable do crédito, indicando o importe que solicita incorporar e xuntarase á xustificación requirida segundo modelo.

c. Relación detallada de todas as partidas orzamentarias de que se solicita a súa incorporación, con indicación do importe a incorporar en cada unha delas, asinado polo director do centro de gasto (facultade, escola, instituto universitario, etc.)

O prazo de remisión dos anteriores informes e documentación que se considere necesaria para a súa xustificación será o seguinte:

a. Antes do día 10 do mes de xaneiro de 2006, para os créditos que figuren vinculados a pagamentos a realizar no mes de xaneiro de 2006 (como contratos laborais de proxectos de investigación, convenios ou outros créditos do capítulo VI, bolsas concedidas no exercicio 2005 e con vixencia no ano 2006, etc).

b. Antes do 31 de xaneiro do ano 2006, para o resto de créditos a incorporar.

Lémbrase a necesidade de que se cumpran os prazos establecidos nesta Instrución.

Recibidos na Xerencia, por parte da Sección de Orzamentos pasaranse ao informe do Servizo de Control Interno, e unha vez aprobadas, procederase á súa imputación no Orzamento de 2006.

Coa finalidade de resolver cuestións referidas aos expedientes de incorporacións de crédito, por parte da vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica e da Xerencia establecerase o procedemento para a súa resolución.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO I

# INCORPORACIÓN DE CRÉDITO 2006

## CERTIFICACIÓN DE CONTINUIDADE DA ACTIVIDADE NO EXERCICIO 2006

D. ______________________________________________________________________

en calidade de [2] ____________________________________________________________

da actividade: _____________________________________________________

vinculada á aplicación orzamentaria: ______________________________________

**CERTIFICO:**

A continuidade da actividade no exercicio 2006, solicitando a incorporación do crédito dispoñible a 30 de decembro de 2005, por importe de _____________ euros, coa finalidade de [3] ______________________________________________________________________

_____________________________________________________

Para que conste e remisión á Xerencia, expido a presente, na A Coruña / Ferrol ____________ __________________

[2] Director, coordinador, responsable da actividade.

[3] Indicando motivo ou circunstancia da incorporación.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**ANEXO II**

# INCORPORACIÓN DE CRÉDITO 2006

| | |
|---|---|
| **CENTRO** | |
| **CAPÍTULO** | |

| APLICACIÓN | CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

Achégase, para a súa tramitación ao abeiro da Instrución sobre Incorporación de Créditos ao orzamento de 2006, a documentación referida aos créditos que anteriormente se relacionaron, agrupados por Capítulos do estado de gastos, e correspondente a este Centro de Gasto.

A Coruña / Ferrol, ____________________

O/A Director/a do Centro de Gasto, O/A [1]

Asdo.: ______________________ Asdo.: ______________________________

[1] Unidade administrativa responsable da tramitación económica.